

DECRETO

DON MANUEL CUIÑA FERNANDEZ, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE SILLEDA, en virtude das atribucións que me confire o artigo 21.1, s) da Lei de Bases do Réxime Local,

En relación coa coa interpretación das bases do Programa Silleda reactiva plantexouse a seguinte consulta:

Documentación acreditativa de perdas económicas:

Solicitamos aclaración en cuanto al punto 11.2 a) de las Bases del Programa del Silleda Reactiva.

Para justificar la subvención vamos a presentar :

- copia del libro de ingresos y gastos de los meses de Septiembre, Octubre, Noviembre y Diciembre de 2019 y Enero y Febrero de 2020 (media del semestre natural anterior a la declaración del estado de alarma)

-copia del libro de ingresos y gastos del mes de Marzo (mes anterior a la solicitud) para justificar el descenso de la facturación .

Necesitamos que nos confirmen si esta documentación es correcta para la justificación o debemos aportar algo más.

En relación a dita consulta se emitiu o informe de Intervención nº 72 cos seguintes fundamentos e conclusións:

Se formula consulta en relación coa base 11.2 a), non obstante, a interpretación de dita base debe ser, sistemática, tendo en conta a base completa, o resto das bases e a normativa en xeral.

A base 5 establece, como requisitos dos beneficiarios:

No caso dos beneficiarios do epígrafe 1:

Que a actividade que desenvolven viuse obrigada o peche de establecementos disposto RD 465/2020 de 17 de marzo que modifica o artigo 10 do RD 463/2020 de 14 de marzo e sufra unha redución da súa facturación no mes anterior á solicitude desta subvención de polo menos o 25%, en relación coa media efectuada no semestre natural anterior á declaración do estado de alarma. Cando a persoa física ou xurídica non leve de alta os 6 meses naturais esixidos para acreditar a redución dos ingresos, a valoración levará a cabo tendo en conta o período de actividade.

No caso dos beneficiarios do epígrafe 2:

Que a actividade que desenvolven, non incluída no epígrafe 1, sufra unha redución da súa facturación no mes anterior á solicitude desta subvención de polo menos o 50%, en relación coa media efectuada no semestre natural anterior á declaración do estado de alarma. Cando a persoa física ou xurídica non leve de alta os 6 meses naturais esixidos para acreditar a redución dos ingresos, a valoración levará a cabo tendo en conta o período de actividade.

En ambos casos se configura como requisito para ser beneficiario da subvención unha perda de ingresos determinada en relación coa “media efectuada no semestre natural anterior á declaración do estado de alarma”. A xustificación deberá permitir coñecer, polo tanto, os ingresos do semestre natural anterior (setembro a febreiro, como axeitadamente recolle a consulta plantexada) e os ingresos na mensualidade correspondente.

Para verificar a xustificación de ditos ingresos acudimos a base 11. Paragrafo 3º no que se sinala:

- **Documentación xustificativa de perdas económicas.** Os/as solicitantes deberán demostrar ter sufrido perdas económicas durante o semestre en que se encadre o período de vigor do estado de alarma **dalgunha das seguintes maneiras:**

- a) Declaración trimestral de ingresos e gastos referidas ó primeiro e segundo trimestre de 2020 nas que deberá de quedar recollida a perda de ingresos.
- b) Copia do libro de facturas emitidas e recibidas, libro diario de ingresos e gastos, libro de ventas e ingresos, libro de contas e gastos.
- c) Conta de ingresos e gastos no caso de sociedades.
- d) Calquera outra documentación ou medio que sexa admitido en dereito que poida ser considerado para acreditar os termos a xustificar.

Se atendemos ao tenor literal do apartado a) deberían presentarse, de optar pola declaración trimestral de ingresos e gastos, a totalidade de mensualidades do primeiro semestre. Non obstante, compre ter en conta:

-Que o mes de referencia pode variar en función do solicitante.

-Que a proba pode realizarse por calquera medio admisible en dereito.

Polo tanto, a xustificación deste apartado será formalmente correcta sempre que permita coñecer:

1º Os ingresos medios de outubro a febreiro.

2º Os ingresos da mensualidade que vai ser obxecto de comparación.

Aplicando dita interpretación á consulta plantexada:

- copia del libro de ingresos y gastos de los meses de Septiembre, Octubre, Noviembre y Diciembre de 2019 y Enero y Febrero de 2020 (media del semestre natural anterior a la declaración del estado de alarma)

-copia del libro de ingresos y gastos del mes de Marzo (mes anterior a la solicitud) para justificar el descenso de la facturación .

Dita documentación é suficiente, de acordo coas bases, para acreditar a perda de ingresos, xa que permite a administración comparar os ingresos medios de setembro a febreiro cos ingresos de marzo.

CONCLUSIÓNS.

1º A xustificación da perda de ingresos á que fai referencia a o punto terceiro da base nº 11 será formalmente correcta sempre que permita coñecer:

-Os ingresos medios de outubro a febreiro.

-Os ingresos da mensualidade que vai ser obxecto de comparación.

Visto dito informe esta alcaldía

RESOLVE:

PRIMEIRO.- Interpretar ambas cuestiós no senso indicado en dito informe.

SEGUNDO.- Publicar esta resolución

.



Cód. Validación: 6174F9HRFNSA3MYN2M2PTLZ2 | Verificación: <https://silleda.sedelectronica.gal/>
Documento firmado electronicamente desde la plataforma esPublico Gestiona | Página 4 de 4